



ACTA DA MESA PARA A CONTRATACIÓN OBRA "SINALIZACIÓN DAS PARROQUIAS DE TUI E OS SEUS LUGARES", SUBSANACIÓN SOBRE Nº 1 "DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA" E EMPRESAS ADMITIDAS Á LICITACIÓN.

Na Casa Consistorial do Concello de Tui, ás nove horas e trinta e nove minutos do día 24 de novembro de 2017, reúnese a correspondente MESA DE CONTRATACION, integrada polos seguintes membros:

Asistentes:

- Presidente: Carlos Vázquez Padín, Alcalde-Presidente.

-Vogais:

Aitor Iglesias Monzón, interventor do Concello.

Pilar Fernández Alonso, secretaria do Concello.

Fabián Barreiro González, técnico municipal.

María Jesús Da Silva Fernández, concelleira delegada de Urbanismo.

Secretaria:

María Jesús Blanco Martínez, funcionaria do concello.

ANTECEDENTES.

- Realizada Mesa de Contratación o pasado día 13 de novembro 2017 aos efectos de proceder á apertura do sobre nº 1 "Documentación administrativa" dos licitadores presentados ao contrato de "Sinalización das parroquias de Tui e os seus lugares", a Mesa adoptou o seguinte acordo:

"1º.-Requirir á empresa **SEÑALIZACIONES Y BALIZAMIENTOS DE GALICIA, S.A.**, para que se axuste ó modelo de declaración responsable que figuran no prego de cláusulas administrativas pregos, indicando que prestacións se van a executar por medios externos, en que consisten, por quen ou quenes van a ser aportados, e se ten subscrito algún compromiso, convenio, ou instrumento xurídico semellante, con algunha empresa para realizar esas prestacións, indicando de qué empresa se trata.

2º.-Requirir á empresa **BRICANTEL ESPAÑA, S.L.** para que se axuste ó modelo de declaración responsable que figura no prego de cláusulas administrativas dado que no punto 2º da declaración omite o relativo a declarar que a mercantil ten un obxecto social ou ámbito de actividade no que está comprendido inequivocamente o obxecto do contrato, de acordo co recollido no artigo... dos seus estatutos sociais, estatutos que están correctamente inscritos nos Rexistros correspondentes. Así mesmo, debe achegar a declaración responsable debidamente asinada con sinatura orixinal.

3º.-Conceder ao efecto un prazo de 3 días hábiles a partir do seguinte ao da recepción do requirimento para que os licitadores requiridos subsanen os defectos advertidos."

.- Presentada documentación polos licitadores requiridos en prazo, convócase Mesa de Contratación para esta data aos efectos de comprobación dos documentos aportados para subsanación do sobre nº 1 "documentación administrativa" e acordo da Mesa de empresas admitidas á licitación.

.- Á vista da documentación presentada, a Mesa de Contratación ACORDA:

1º.- Dar conformidade á documentación presentada polas empresas "Señalizaciones y Balizamientos de Galicia, S.A." e "Bricantel España, S.L.".

2º.- Admitir a tódalas empresas presentadas á licitación, que son:

- 1.- BARRERAS DE SEGURIDAD, S.L.
- 2.- IMESAPI, S.A.

- 3.- ECOCIVIL ELECTROMUR GE, SL
- 4.- HORNIDURAK INSTALAZIOAK ETA ZERBITZUAK (HIEZ), S.A.
- 5.- VIABAL MANTENIMENT I CONSERVACIÓ, S.A.
- 6.- API MOVILIDAD, S.A.
- 7.- TRAFIURBE, S.A. - Comercio e Industria de Máquinas para Sinalizaçao, S.A.
- 8.- PROSEÑAL, S.L.
- 9.- NEXIA INFRAESTRUCTURAS, SL
- 10.- DIEZ Y COMPAÑIA, S.A.
- 11.- NAROM, SL
- 12.- SEROVIAL, S.L.
- 13.- SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A.
- 14.- PASCUAL Y VILLAR, S.A.
- 15.- SERGONSA SERVICIOS, SL
- 16.- SEÑALIZACIONES Y BALIZAMIENTOS DE GALICIA, S.A.
- 17.- SESTRAMA-09, SL
- 18.- BRICANTEL ESPAÑA, SL
- 19.- LACROIX SEÑALIZACIÓN, S.A

De seguido, e sendo as nove horas e cincuenta e nove minutos exténdese a presente acta, de todo o que eu, secretaria, dou fe.

A Secretaria da Mesa

Documento asinado dixitalmente á marxe.